

Cemiterio Civil de San Paio

“A Señora da Gadaña quere ocupar as noventa e nove avas partes”

Bromas que da a morte

-*“Eu vendo, pero non ao bispo nin aos curas”*. Estas palabras parecen saídas da boca dun poseso; pero non. Nin tampouco as pronunciara a bendita **Avelina da Vila**, que tendo lingua viperina e, ao ser medio protestante, case lle cadraba. Eran dun bo home, fillo dunha santa muller. Ninguén esperaba ese estoupido. Rebotaron nas orellas dos presentes como o estalido do trono. Foran pronunciadas con enerxía e claridade. Tras delas o silencio foi o señor. E despois dun compás de espera, engadiu con voz máis suave: “se eles queren cartos, eu tamén. Eu vendo a cada un de vos”. Non entendíamos a que viña aquela estocada ao bispo. As nosas almiñas estaban nun vilo por se quedaba algo de espada para nos. Eu sentíame ferido polo que me tocaba ao ser parte da “ralea”.

Que pasou antes e despois? Vexamos. Moitos homiños de Ferreira (**Vidal, José da Praza, Vicente Hermida, Alejandro, Cosme Luaces, Sindo dos Feás, Pastor, Francisco Durán, Daniel Bouza, Toñito Montero.....**) andaban inquedos desde había tempo. A ignorancia é mala compañeira. E ignorar onde van repousar os meus osiños e os dos seres queridos desacouga a calquera. Sentíanse mortais; pero non era o ter que morrer o que os inquietaba, senón o descoñecer o lugar onde repousar. Viñan xunta miña na procura de remedio e saían de cabo min aínda máis desacougados. A miña ignorancia neste caso -coma noutros moitos- era persistente. *“Nin a morte nos quere”*, tenme dito un día **Daniel Bouza**.

A morte empeñouse en tomar posesión de todo o camposanto: nos laterais con nichos e no centro con tumbas. E ninguén quería –a estas alturas de progreso - ser enterrado na terra. Motivos? Escoitei estes: *“É un desprezo”*, *“da moito traballo nun día no que xa hai abondo rebumbio”*, *“non quero que me tiren terra nos ollos se, por un descoido, os levo abertos”*. Son razóns que dan que pensar. Algúns, tamén neste caso ignorantes da reacción da morte, suxeriran “limpar” as tumbas e edificar nichos no seu sitio. Outros (eu incluído) vían iso imposible e preferían mercar algún terreo do arredor. En algunha ocasión recordeilles o que pasara en Lago (Valdoviño). Sacaron terra do cemiterio e amontoáranla no adro; e a morte enfadouse tanto que en vinganza amosou á vista do gran público algúns osiños. Iso provocou unha revolta dos pícaros irmandiños, (encirrados pola morte, claro!) que por pouco leva por diante a **D. José**, o crego inventor da idea. Para quitalo das garras da morte o bispo nomeouno

cóengo da Catedral de Mondoñedo. E para alá se foi ríndose da Señora da Gadaña. Pero a risa foi pequena.

Dos terreos do arredor o máis axeitado era o de **Luciano da Castiñeira**. Cadraba pola posta do sol. Unha boa imaxe para entregarllo á morte. Alguén falou con **Luciano**. Había esperanza. Non se pechou á proposta. Citei aos inquedos mortais e xuntámonos na igrexa. **Toñito Montero** leva a voz cantante, explica as posibles solucións e as xestións que se fixeran, e nesto diríxese a **Luciano** a preguntalle se estaría disposto a vender o terreo lindeiro co Campo Santo; e el nin corto nin preguiceiro espétanos: *“Eu vender vendo, pero nin ao bispo nin aos curas Vendo a cada un de vos ... Se eles queren cartos eu tamén”*. Xa expliquei como quedaron de asustadas as nosas almiñas porque, por riba, estabamos nun lugar santo; unha nube cubriu a mente dos alí presentes e fíxolles desconfiar de si sería verdade que a morte non quería os seus corpos. Tardamos en reaccionar; eu sobre todo porque era o máis ferido. Aseguro que por un bo cacho o silencio foi rei absoluto do santo lugar.

Pasado o trono, creo que foi **José da Praza** que, con voz entrecortada, dille a Luciano: *“Pero ... e se é un caso que nos vendas ... canto che hai que dar pola finca?”* Soprou e pediu. Como as ganas eran moitas, a xente aceptou o menú, sen calibrar ben os problemas da dixestión. Eu, aló no fondo de min e falando comigo mesmo, alegrábame, aínda que tamén estaba contrariado e triste pola actitude de **Luciano**. Vivía unha contradición interna. Non acaba de comprender por que a **Luciano** lle gustaban máis as pesetas dos veciños que as do bispo, pois el, ao fin e ao fallo, ía cobrar o mesmo. Máis adiante a comisión do cemiterio e tamén das obras na igrexa (**Toñito Montero, Pepe do Pico, Modesto Picos ...**) informoume que o Cura anterior (**D. Ricardo**) “vendera” nichos que se fixeran na parte que pertencía ao adro e que tamén a Reitoral nova fixérase collendo parte do adro, que xa antes era escaso. Estas cousas non gustaran nada na parroquia. Explicaría iso a xenreira de **Luciano**?. Non me cadraba de todo.

Levantouse un plano detallado do terreo. Había que repartir a carga e a alegría. Collían noventa nichos. A morte estaba encantada con tanta fartura. Dinlle a lista de solicitantes ao Notario de San Sadurniño e **Martín Sanjurjo** escribiu as escrituras. Fixouse a data e os Escribás trasladáronse a Ferreira e na mesma igrexa se montou a Notaría. Firmouse a escritura matriz para darlle logo unha individual a cada co-proprietario. O Notario non cobrou polo documento nin eu polo aluguer; si confesoume que nunca se atopara con nada semellante: escriturábase un terreo do que cada comprador mercaba a noventa e nove ava parte e non se dicía a que se

destinaba. **Pedro, o Escribán**, estaba do trinque, tiña pouca experiencia; seguro que hoxe podía contar catro cousas máis curiosas aínda.

Este menda figuraba na escritura con 12 partes das noventa. Tiña “propiedades” como se quixera enterrar alí a toda a familia. Non foi ese o motivo. A razón era que non apareceran máis que 78 compradores e a Luciano había que “liquidalo”. El bramara que non vendía nin ao bispo nin aos curas e resulta que agora era o cura o maior propietario. Bromas da vida. Con todo souben máis tarde que **Toñito Montero**, antes de lle pagar, remexeu os meus billeteños no medio dos demais non fora ser o demo que a Luciano lle uliran a crego. Sempre me levei moi ben con Luciano, e xamais pensei que se refería a min cando tronaba na igrexa. Pero eu, ao ter que mercar e pagar os doce nichos, aplicábame aquilo: Non queres caldo; pois tomo dúas cuncas. Estaba certo e seguro que fixera outra burrada máis; que tirara eses cartos no río para que as troitas souberan canto fai suar a pesetiña. Parecíame que non quedaba ningún vivo que non soubera onde repousaría despois do día aciago. Pero outra vez me trabuquei. Aos tres meses xa estaba liberado. Foi a primeira vez que vendín algo, e ante Notario de Ferrol, que quedaba coa boca aberta ao ter que ler tantas as como van na palabra noventava parte.

Edificaron os nichos por contrata os de **Martiz** (que sendo primos, queríanse como irmáns). Fixeron a obra a conciencia; coma se fora para eles. Así debe ser: pórse no lugar do outro. Claro que neste caso non era doado. Puxeron follas de reclamacións colgadas na sala de autopsias, pero, que se saiba, ningún dos usuarios as usou de momento. **David** tenme mareado moitas veces porque, doído das miñas necesidades, empeñábase en remediarmas vendéndome cuspe de paspallás. Estaba convencido de que non había cousa mellor para que reverdecera a calva. Sabía unha receita con latinorio incluído. “*E funciona*”, dicíame poñéndome a man no ombreiro. Incluso me contaba casos que parecían milagrosos. O que xamais se axeitou a explicarme foi como se amañaba para recoller tan apreciado produto. Algún truco tiña que non quería desvelar. Poida que lle fixera as cóxegas na casa a algún paspallás amigo. Calquera cousa se podía esperar de **David**, pois tamén foi capaz de cultivar azafrán en San Xoán (Ferrol).

Sempre tivemos interese en que a parte nova aparecera como unha ampliación do vello. Así figura no Pumariño (abril do 78). Por iso fíxose a sala de autopsias na parte nova e tiramos dous nichos para abrir un paso e que se comunicaran as dúas partes. Aos usufrutuarios compensóuselles con outros nichos no novo cemiterio. Presenciei o traslado dos restos humanos. Outra vez máis me convencín que o invento dos nichos deixa moito que desexar. Resulta moi axeitado para solucionar problemas en días de

neboeira espiritual, pero ... Sen encomendarme a Deus nin o díaño, mandei desfacer o muro que levantara o meu predecesor para separar a Reitoral do adro e por alí demos acceso á porta da parte nova.

Cando estivo rematada a obra, alguén sen mérito ningún para esa faena tivo a triste idea de o estrear. E, como sempre hai imitadores, outros seguiron o seu exemplo. E a morte encantada. Viñeron de Ferrol, As Pontes, A Capela... Cobraba vida a Parroquia grazas á morte. ¡Outra broma macabra! Incluso houbo quen me pediu que lle alugara a Reitoral para montar alí un bar, pois pensaban que **Saladina** non ía dar abasto.

Funme da Parroquia (Agosto 1990) sen que apareceran problemas. Pasados catro ou cinco anos souben que o meu sucesor, **D. José María Ladra** (Naraío), rosmou repetidas veces con que: “*o cemiterio non pode seguir así*”, “*que me vou negar a enterrar*”, “*que non está legalizado*”, “*que teño medo que o metan en chirona por enterrar nun terreo...*” Os afectados, polo que me dicían daquela, escoitaban e calababan. En broma alguén dixo tras da silveira: “*A ver se o escoitan os mortos*”. Boa solución de momento. Pero moito me temía que a teima e insistencia de **D. José** espantaría o galiñeiro.

Recoñezo que as bases en que se cimentou esa “ampliación” eran falsas naquel momento. A Lei non autorizaba sen máis a 90 persoas a erixir un cemiterio. Por outra banda ben comprendo que eses enredos que aparecen nas familias polos dereitos referentes aos nichos “da casa” no bispado non os ían solucionar. Dirían que alí non mandan, que non teñen nada que ver con iso. Pero o feito foi que **Luciano** pechárase en banda e non lle vendía ao bispado. Iso tñao ben decidido. Puidemos enganalo e, despois de ter firmada a venda, dar nós o terreo ao Bispado?. Nin pola cabeza se me pasou. Nin creo que a xente aceptase. Tamén ía en contra de todo o que eu pretendía: liberar á Igrexa da responsabilidade dos cemiterios.(Sendo mal pensado, ás veces penso por que non collerá a responsabilidade dos tanatorios. Os mortíños son os mesmos).

Pasados os anos, xa estando en Cáceres, **Toñito Montero** mandoume documentación na que consta que os mercadores daquela noventava parte de terreo, sen que na escritura orixinal figurara para que era, agora teñen a fachenda de que son donos dun Campo Santo legalizado. A lexislación cambiou. Eles, ao amparo da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, crearon en novembro do 2008 a “*Asociación de Sanidad Parroquial de Ferreira*”, que é quen rexe todo o relativo ao cemiterio. Pois bendito sexa Deus! Chegouse ao que eu quería por camiños inesperados. Poida que sexa o único caso en toda a redonda. **Luciano da Castiñeira**, sen pretendelo, tamén tivo o seu mérito neste asunto.

E para rematar –e para colmo- outras dúas guindas. Nunha desas conversas con **Toñito** dime que se edificaron nichos no medio do vello cemiterio. Ao escoitalo, por pouco me da un telele. Non daba creto. Parecíame imposible. Aínda hoxe sigo pensando que se está burlando da miña inocencia. Pregunteille se os nichos eran de cristal para non quitar vista, se embalsamaran a terra das urnas, se ... Non me aclarou nada. Teño que ir velo con meus olliños para crelo. Será posible entender esta vida?

E a outra guinda tamén curiosa. O ano pasado chámame **Toñito** e dime que un deses “doce” a quen eu vendín propiedades está sen escritura. Revisaron os papeis e soamente aparecen vendidos once. Non hai maneira de explicar o despiste Os papeis que tiven que preparar aquí na Notaría custáronme outros 50 €. Querían xirarmos, pero díxenlles que llos deran a un pobre que “habelos hainos”. Polo internet dirixinme a San Pedro para solicitarlle unha mil millonésimava parte no Edén onde a miña alma poida gozar da Plenitude da Vida sen necesidade de gotas para o glaucoma nin cuspe de paspallás para a alopecia. Aínda non me contestou, pero creo e sigo esperando. Sei que é pouco o que pido, pero valer vale moito. E que todo sexa para que en Ferreira haxa un cemiterio civil rexido polos propios interesados. Teima que tanto tempo me acompañou. O corazón pídemme exclamar: **AMÉN**.

Ramón Díaz Raña